




AS CAMPÁS GALEGAS FUNDICIÓNS

Celso García Alonso

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

PRESIDENTE
Rafael Louzán Abal

EDITORIAL

DIRECCIÓN
Miguel Pereira Figueroa

SECCIÓN PUBLICACIÓNS
Ana Vicente Rivas

CORRECCIÓN DE PROBAS
Mónica Monteagudo Gamallo

DESEÑO CUBERTA
Imaxe Institucional (Deputación de Pontevedra)

© DA EDICIÓN: Diputación de Pontevedra, Editorial
© DOS TEXTOS: Celso García Alonso
© DAS FOTOGRAFÍAS: Celso García Alonso. Fotografía Daguerre.
Fotografía Olimpio. Fundición Ocampo. Lidia Blanco Lemos.
© DOS PLANOS: Pedro Iglesias Molina

ISBN: 978-84-8457-390-6

Impreso en: Gráficas Salnés, S.L.

Dep. legal: PO 280-2012



ÍNDICE

- 07 LIMAR
- 09 INTRODUCCIÓN
- 19 OBRADOIRO
- 25 PROCESO DE FUNDICIÓN DAS CAMPÁS
- 37 FUNDICIÓN DE CAMPÁS DE ORAZO (A ESTRADA)
- 45 FUNDICIÓN DE CAMPÁS DE MONFORTE DE LEMOS
- 53 FUNDICIÓN DE CAMPÁS DE MONEIXAS (LALÍN)
- 67 FUNDICIÓN DE CAMPÁS EN ARCOS DA CONDESA



Introdución

A campá é un instrumento de percusión feito cunha aliaxe de metais sonoros mesturados nas proporcións adecuadas, o que se consegue despois de levar a cabo un proceso de elaboración e fundición. Ten a feitura dunha copa invertida; do seu interior colga un badalo que ó golpearse con ela emite sons. As partes do badalo son: o gancho, que o leva no seu extremo superior e que engancha na “hembrilla”; a varilla e maila cabeza no seu extremo inferior, que é de ferro doce, pois se fose de aceiro danaría a campá.

Algunhas emiten sons producidos polos golpes do badalo e outras polos dun martelo, na súa parte exterior ou interior, procedemento de uso automatizado. Tamén é de ferro doce e está suxeito a un brazo metálico que xira sobre un eixe fixo. Para cada campá hai que facerlle o seu propio badalo.

As campás na súa parte superior teñen unhas asas para colgalas nun eixe ou varón de aceiro, ancorado nun xugo ou contrapeso, que pode ser de madeira ou metálico. Poden funcionar fixas ou movéndose cun xiro de 90 ou 360 graos.

As estruturas das que colgan as campás con todos os seus elementos complementarios chámanse campanarios. Estes poden ser espadanas ou torres e estar construídos en pedra, ladrillo cara vista, formigón, de varios materiais (mixtos) ou seren só de estrutura metálica. Estes empréganse moitos nos edificios públicos civís.

As campás no seu exterior teñen gravado en relevo elementos decorativos e inscricións.



Espadana da igrexa parroquial de Santa María de Cela no concello de Bueu

Os elementos decorativos máis correntes son figuras, puntillas e bincos.

A figura máis empregada é unha cruz grande cun pedestal da feitura dun tronco de cono. No canto de teren unha cruz poden ter unha custodia (forma sagrada) ou ás veces a figura dun santo, sendo a máis empregada a de santa Bárbara para protexela de treboadas. Tamén se poden atopar algunhas gravadas coa figura do “redentor crucificado”. Sirvan de exemplos, neste caso, a campá grande da igrexa parroquial de Santo André de Barrantes, no concello de Ribadumia, e maila campá grande da igrexa parroquial de Santa María Magdalena de Montes, en Soutelo de Montes, no concello de Forcarei.

A cruz, a custodia, a figura do santo ou a do redentor están gravadas normalmente no anverso da campá, na parte que se ve dende fóra do campanario. Tamén se pode atopar algunha que ten gravada unha cruz ou figura polo anverso e outra polo reverso, na parte que se ve dende o interior do campanario. Por exemplo a campá grande da igrexa parroquial do Divino Salvador de Lérez, no concello de Pontevedra, fundida polo mestre Antonio Blanco Lemos en 1952, ten unha cruz polo anverso e unha custodia polo reverso.

As puntillas e os bincos lévanos todo ó redor perimetralmente. Aquelas normalmente na parte superior e estes distribuídos en toda a súa altura; o seu número depende do fundidor e do tamaño da campá.

No referente ás inscricións, algunhas levan gravadas ó redor da súa parte superior frases en latín dos textos sagrados do cristianismo. Así e todo na maioría delas figuran polo anverso e polo reverso da súa parte superior os nomes dos membros da Sagrada Familia:

JHS MARÍA Y JOSÉ

O ano de fundición figura, normalmente, polo reverso, ás veces na parte superior e outras na parte inferior, segundo o criterio do fundidor. Tamén se poden atopar algunhas campás nas que aparece polo anverso. Case todas teñen gravada a súa autoría, normalmente no reverso, ás veces representada de xeito singular, só co nome do mestre fundidor, e noutros casos co nome da fundición. En moitas delas, xunto coa autoría, menciónase o lugar da fundición:

- BLANCO ME HIZO
- FELIPE BLANCO ME HIZO
- MELCHOR OCAMPO ME HIZO EN ARCOS DE LA CONDESA

- JUAN OCAMPO Fundición de campanas y metales finos, Caldas de Reyes, Pontevedra
- HERMANOS OCAMPO ARCOS DE LA CONDESA
- OCAMPO ARCOS DE LA CONDESA
- LISTE ME HIZO EN ORAZO
- J. LISTE ME HIZO EN ORAZO
- HONTAÑÓN ME HIZO EN STº
- TABOADA ME HIZO EN MONEIJAS-LALÍN
- BLANCO ME HIZO EN MONFORTE
- ANTONIO BLANCO ME HIZO EN MONFORTE
- Pellón Me hizo
- FUNDICIONES M. MALINGRE ORENSE
- J. PAZO, AÑO...
- POR RUIZ, AÑO...

Nalgunhas figura ademáis o nome do crego que a encargou ou da persoa ou persoas que a custearon. Tamén se pode atopar algunha co nome da parroquia á que pertence e outras teñen gravado o nome dalgún santo porque ese se lle pon ás veces cando se bendicen e, para que quede gravado nelas, encárgaselle previamente ó fundidor.

As inscricións cumpren dúas funcións fundamentais, a decorativa e a documental.

Exemplo disto é a campá grande de Santa María a Maior de Pontevedra.

MELCHOR OCAMPO ME HIZO EN ARCOS DE
LA CONDESA* SIENDO RECTOR EL LIC.
DN. FRANCISCO CASTRO QUEIRUGA DE SANTA MARÍA
LA MAJOR DE PONTEVEDRA AÑO 190

Polos anacos atopados das campás nos achados e nas escavacións sabemos que xa as empregaban as antigas civilizacións asiáticas, os exipcios, os gregos e os romanos.

Ó longo da historia evolucionaron no referente ó seu uso, ós seus elementos decorativos e ás súas inscricións, forma, tamaño e función. Co correr do tempo aumentaron de tamaño.

Entre nós empregáronse moito nos edificios públicos civís: para dar a hora do reloxo, para convocar as persoas a algunha actividade comer-

cial como pode ser nos mercados municipais e nas lonxas. Nas fábricas con moitos traballadores empregábanse para dar a hora de entrada, a do descanso e a da saída. Nas estacións do camiño de ferro para anunciar as chegadas e as saídas dos trens, estas eran campás de pequeno tamaño. Nos barcos de pesca de altura, de grande altura e nos de mercadorías tamén se empregaban cumprindo unha normativa internacional; facíanas soar sempre que había moita néboa para anunciar a súa presenza ou tamén nos barcos de pesca de altura cando os mariñeiros e o contramestre, despois de botar un lance, ían durmir; entón, cando o patrón se decatara de que as redes xa estaban cheas tocaba a campá para convocalos de novo á cuberta para traballar o peixe.

Nas entradas do pazos, nas das casas señoriais e de xente acomodada tiñanas para que as togaran cando os chamaban á porta.

O seu uso en todos estes casos substituíuse por outras novas tecnoloxías.

Así e todo, o uso máis importante das campás en toda Europa foi e segue a ser nos edificios relixiosos (ermidas, igrexas, catedrais). Despois da chegada da mensaxe cristiá, a partir do século IV d. C., é un elemento moi importante que, colgado das espadanas e torres, serve para convocar os fieis ou membros dunha comunidade cristiá ás súas celebracións comunitarias: misa ordinaria, misa solemne, funeral de enterro, cabodano, etc.; para repenicar nas celebracións solemnes e nas procesións; para tocar a defunto a xorna-



Torre-campanario da igrexa parroquial de San Miguel de Carballedo, no concello de Cotobade

da ou as xornadas que este está “sobre terra”, facendo primeiro o sinal, sendo este distinto cando se trata de anxiño, de muller, de home ou de crego; para tocar cando sae o crego da igrexa buscar o defunto para o seu funeral; para darlle a chegada e a entrada na igrexa e logo para levalo ó cemiterio; tocábanse tamén cando saía “o viático” da igrexa para a casa dalgún enfermo grave; para tocar pola mañá “o anxelus” e pola tarde “á oración”; para dar as horas do reloxo parroquial; para alertar ós membros da comunidade sobre a presenza dun perigo inminente, por exemplo cando chegaban pobos invasores por terra ou por mar en tempos pasados; para convocar as xentes a participar en accións solidarias que haxa que acometer con urxencia, por exemplo cando hai lume nas proximidades. Ademais destes usos, nalgúns zonas de Galicia, fanse outros moi singulares en actividades da orde civil ou da eclesiástica, como o toque de ánimas que se facía todos os días do mes dos santos e defuntos, á tardiña, para convocar os fieis a que rezaran na súa casa polos defuntos.

En todo o ano litúrxico só hai dous días nos que as campás non soan nos edificios relixiosos: dende os oficios litúrxicos do xoves santo ata o canto de Gloria da vixilia pascual, que ten lugar o sábado santo á noite.



As campás pódense facer soar dende o campanario ou dende fóra del. Sempre houbo xente que as facía soar moi ben. Na actualidade, hai poucas persoas que o queiran facer e, por desgraza, en moitos casos, o seu uso está automatizado. Ata hai poucos anos só o estaban os toques do reloxo nos edificios relixiosos.

As campás tamén se empregan para dar concertos musicais.

Sempre tiveron moito uso tamén as campaiñas (campás pequenas), das que non nos imos ocupar nesta ocasión.

As campás son elementos especiais dende o seu comezo ó seu fin. Son moi importantes a súa fabricación, a súa situación, a súa función sonora e decorativa e, aínda despois de perder algunha das características que lles impida cumprir ben coas súas funcións fundamentais, a maioría delas aprotéitase para refundir coma se estivesen predestinadas á reencarnación; sería bo que algunhas se destinasen a pezas de museo. Non se pode esquecer tampouco a súa función documental e, ademais, son verdadeiras obras de arte. Non obstante, hai que recoñecer que as consideracións económicas son as que mandan, non custa o mesmo unha campá na que o fundidor teña que poñer todo o metal necesario para fundila, coma outra na que só teña que poñer o necesario para engadirlle á vella.

En Galicia sempre houbo dende antano moi bos mestres fundidores. A súa demanda debíase á gran devoción cristiá, ó gran número de parroquias que configuran as cinco dioceses galegas: Mondoñedo-Ferrol, Lugo, Ourense, Tui-Vigo e a arquidiocese de Santiago de Compostela, e ó gran



número de igrexas monacais das distintas ordes relixiosas que estiveron e están aquí establecidas.

Ó principio os mestres fundidores eran itinerantes, ían fundilas ós lugares de destino, facendo fornos ou crisois ocasionais ou tamén levando crisois portátiles. En moitos casos tiñan varios encargos para a mesma zona e artellaban un obradoiro ocasional nun só lugar.

Neste traballo ímonos ocupar das fundicións galegas con obradoiro estable, especializadas na fundición de campás das que puidemos identificar e conseguir boa información, nalgún caso do mestre vivo, dos seus familiares, dos seus documentos privados, dos documentos públicos e relixiosos e tamén das súas campás.

Tampouco debemos esquecer que en Galicia había industrias que fundían campás aínda que a súa especialidade non fose esta. Algunhas dedicábanse a facer equipamentos para o sector naval e como neste se empregaban campás tamén as facían. Estas tiñan menos inscricións e elementos decorativos cás que se facían nas fundicións especializadas.

Destas empresas do sector naval identificamos catro:

- La Primitiva-Sanjurjo, de Vigo, que na actualidade é Funditesa Sanjurjo
- O estaleiro Barreras de Vigo
- O estaleiro Bazán do Ferrol
- O antigo estaleiro Astano de Ferrol

Nestas industrias tamén fundiron algunhas campás para os edificios relixiosos.

Identificamos outra empresa máis que as facía sen ser a súa especialidade. Realizaba equipamentos para moitos sectores, en especial para o sector agrario (rodicios dos muíños, filloeiras e potes de ferro fundido, portas para os fornos de pan, etc.). Trátase da fundición ALEMPARTE, de Carril, no concello de Vilagarcía de Arousa, que cerrou as súas portas a finais dos anos 50 do século XX. Unha campá desta compañía podémola ollar na igrexa parroquial de San Xoán de Leiro, en Ribadumia, fundida en 1883. É a campá grande e ten un perfil distinto ó das outras fundicións galegas.

Atopamos tamén unha campá da fundición M. MALINGRE, de Ourense. É a campá grande da igrexa parroquial de Santa María de Castrelo do Val, no concello ourensán que leva o mesmo nome; realizouse no ano 1971. Esta empresa facía equipamentos para moitos sectores, ata fundía cociñas de ferro, "cociña económica". Cerrou as súas portas a finais da década dos 70 do século XX e estivo establecida no barrio do Couto na vila de Ourense.



Campá recién fundida da fundición "Ocampo"

Na zona sur da provincia de Pontevedra pódense atopar, con facilidade, campás que teñen gravado con letra feita á man (o método empregado era usar un cravo, pola parte interior do molde):

De hizo Pellón

Unha campá deste mestre obsérvase na igrexa parroquial de Santiago de Borbén, no concello de Pazos de Borbén, fundida en 1804. Coméntounos o párroco, Jaime, que esta fundición estivo establecida en Pontearreas pero nós non puidemos conseguir información sobre ela.

Nos campanarios galegos encontramos tamén campás de fundicións doutras rexións do estado español:

- Da fundición José Cabrillo Mayor, de Salamanca, que pechou as súas portas nos anos 70 do século XX. Nela fíxose a campá pequena da igrexa parroquial de San Pedro de Tomeza, no concello de Pontevedra, en 1949.

Das fundicións galegas especializadas na fabricación de campás chegamos a identificar seis e maila do mestre Hontañón:

- Fundición da Quenlla, con obradoiro no lugar da Quenlla, pertencente á parroquia de Santa María da Arzúa, no concello homónimo.

mo (A Coruña). Sábese que na primeira metade do século XIX tiña actividade, polos datos achegados na obra "Notas encol da vila da Arzúa" da revista NOS, tomo IV, do autor Aureliano Pardo Villar. Sobre esta fundición non achegamos máis datos debido a que non os puidemos conseguir.

- Fundición do mestre Ruíz, con obradoiro en Castrelo do Val, na comarca ourensá de Verín. Sobre ela de momento só puidemos conseguir poucos datos.
- Fundición Liste, con obradoiro en Orazo, no concello da Estrada. Cando nos ocupemos desta farémolo tamén do mestre Hontañón.
- Fundición da familia Blanco, con obradoiros en Ribas Altas e Monforte de Lemos (Lugo).
- Fundición da familia Taboada, con obradoiro en Moneixas, no concello de Lalín (Pontevedra).
- Fundición da familia Ocampo, con obradoiro en Arcos da Condesa, no concello de Caldas de Reis. Na actualidade é a única fundición artesanal que ten actividade en todo o estado español.

A técnica empregada polos mestres destas fundicións provén, na maioría dos casos, do norte de España. Segundo manifestan os veciños de Orazo, o mestre Hontañón era santanderino e con el aprenderon a súa arte: Juan Liste Pereiras, o primeiro mestre da Fundición Liste, de Orazo; Jesús Taboada Montoto, o primeiro mestre da Fundición Taboada, de Moneixas; o primeiro mestre da Fundición Blanco, de Monforte de Lemos, Genaro Blanco Fernández, que procedía de Santander e ademais era fillo do mestre santanderino José Blanco; e os mestres da centenaria Fundición Ocampo, de Arcos da Condesa, os cales manifestaron sempre, dunha xeración a outra, que os seus antepasados procedían do norte de España, quizais de Biscaia, e que eran parentes dos mestres da Fundición Blanco, de Monforte de Lemos. Este dato abordarémolo cando nos ocupemos destas dúas últimas fundicións.

En Galicia, na actualidade, hai catro mestres fundidores ou artesáns de campás: Fidel Taboada Portas e mailo seu fillo Julio Taboada Iglesias, da Fundición Taboada de Moneixas, que xa non exercen na súa arte, e os mestres Enrique López García e mailo seu fillo José Enrique López Ocampo, da Fundición Ocampo, de Arcos da Condesa, que seguen a traballar no seu obradoiro.

Nesta obra, ademais de ocuparnos da historia das fundicións de campás galegas que nomeamos, farémolo tamén do obradoiro das campás e do proceso de fundición.



Obradoiro

Imonos ocupar do obradoiro da fundición Ocampo en Arcos da Condesa.

Das fundicións galegas é o único que conserva todos os seus elementos estruturais e funcionais, representados con moito rigor técnico, nos esbozos que se achegan, feitos por Pedro Iglesias Molina. Ademais é o único obradoiro galego e de todo o Estado español no que na actualidade se funden campás empregando métodos artesanais.

Trátase dun alboio amplo, de planta rectangular, con muros de cachotería ordinaria. Ten 18 metros de longo por case nove de ancho exteriormente. O teito é a dúas augas, coa armadura de madeira cuberta con tella do país. Atópase no medio do lugar de Badoucos, na praza pública que leva por nome Loyola del Palacio.

A porta principal é ampla (de dúas follas) e está no muro do suroeste que fai de fachada, enriba ten unha fiestra e debaixo do cantacucos unha xanela pequena.

Ten tamén dúas portas travesas estreitas e unha fiestra polo muro do noroeste. No seu interior fanse todas as tarefas da fundición.

Entrando pola porta principal, á dereita, unhas escaleiras soben a un pequeno sobrado, no que hai un almacén para gardar as ferramentas e un baño; un pouco máis adiante, pegada ó muro, encontramos unha pequena cova no chan de terra, que é onde se amasa o barro para facer os moldes. Á esquerda da porta principal atópanse unhas vigas tubulares de aceiro, dispostas horizontalmente, onde se suxeitan os eixes dos moldes das campás. Nesta esquina faise todo o proceso dos moldes. Un pouco máis



Vista aérea do obradoiro da fundición Ocampo, no lugar de Badoucos (Arcos da Condesa)

adiante hai unha morea de terra que se emprega para cubrir os moldes soterrados.

Por diante da barreira e da morea de terra, a uns dez metros da porta principal, encontramos unha plataforma duns sete por seis metros, aproximadamente. Está arrimada á dereita do local, a súa rasante está un metro máis alta cá do chan do local, que é de terra; para subir a ela hai unha escaleira de tres pasos de pedra.

Na plataforma atópase o conxunto formado polo forno e o crisol; un espazo amplo entre estes e o muro do nordés e un espazo diante do crisol, onde se soterran os moldes das campás e onde se fan as canles para levar o metal dende o crisol.

Cando os moldes están soterrados a rasante deste espazo é a mesma cá de toda a plataforma. Para que non se desprenda pola fronte a terra que os cubre suxéitase cuns taboleiros dispostos horizontalmente de canto, un sobre o outro, ata chegar á rasante da plataforma. Os taboleiros están amparados nas súas cabezas por dúas pedras da feitura dunha xamba e están chantadas verticalmente no chan.

Cando os moldes non están soterrados diante do crisol queda unha trincheira.


Entre a plataforma e o muro do noroeste hai un corredor en pendente con respecto á rasante do chan do obradoiro, que dá acceso ó miradoiro esquerdo do crisol, ó forno e á leñeira.

O forno e o crisol forman o mesmo conxunto, están unidos. O crisol está por diante do forno e os dous están feitos de material refractario, fabricado no obradoiro polos mestres fundidores. O piso do forno é unha reixa de ladrillo refractario.

Pola súa parte, á esquerda, o forno ten unha boca de vinte por vinte centímetros, por onde se mete a leña para a combustión. Pola dereita e por debaixo unha cova fonda fai de borrarreira.

O crisol ten dúas chemineas laterais, que chegan ata a metade da súa altura, e dous miradoiros laterais, na parte baixa, que se tapan con dúas pezas de cerámica, as cales teñen un buraco no medio para meter un varal e así poder afastar e colocar no seu sitio, de novo, cando cumpra. O fundidor controla por eles o metal cando se está a fundir.


O piso do crisol é de lousas refractarias, a rasante está en pendente suave cara ó buraco que ten na fronte, por onde sae o metal fundido. Enriba do forno e do crisol hai unha campá extractora metálica, coa súa cheminea, para despachar o fume da combustión e mailas emanacións dos gases.




A fonte de calor para fundir o metal é a base dunha combustión de leña de piñeiro que se fai no forno. O forno e o crisol comunícanse, case a media altura, por unha boca da feitura dunha semicircunferencia, na que o diámetro fai de base.


Como o forno non ten cheminea, tan só respiro por debaixo (pola reixa onde se fai a combustión), as lapas saen con moita forza para o crisol pola boca que os comunica, pasan por riba do metal, baten con forza coa parede da fronte e volven para atrás buscando o tiro das chemineas e dos miradoiros laterais, traballando por riba do metal ós catro ventos.

Cando nos ocupemos do proceso de fundición repetiremos algúns detalles.





SECCIÓN A-B



SECCIÓN C-D

Proceso de fundición das campás

É un complicado proceso técnico-artesanal, inaccesible no esencial e ancestral, do que non se sabe con certeza a súa primeira orixe. Pode provir das antigas e sobresaíntes culturas asiáticas, transmitido dunha xeración a outra e, polo que se investigou, normalmente de pais a fillos con todo o coidado, segredo e rigor profesional.

A técnica fundaméntase en procedementos empíricos, baseados na experimentación, na que se mesturan e se complementan tarefas delicadas de distintos oficios: carpinteiro, oleiro, cereiro, albanel, canteiro, fundidor, ferreiro e tamén algo de músico. Esta técnica no fundamental non variou nada ó longo dos séculos, así e todo, cada mestre ten algunha posibilidade para o seu desenvolvemento persoal, por exemplo no afinado das pezas.

Polo que se investigou sobre as distintas fundicións galegas o proceso de todas elas é moi semellante e nalgúns casos ata pode ser o mesmo. Por exemplo, unha campá de 300 kg da fundición de Monforte de Lemos é case igual ca unha campá do mesmo peso feita na fundición Ocampo, de Arcos da Condesa.

Imos describir a grandes trazos o proceso que levan a cabo Enrique López García e o seu fillo, José Enrique López Ocampo, na fundición Ocampo de Arcos da Condesa por ser a única das galegas que segue a ter actividade na actualidade.

A primeira tarefa destes mestres, en cada proceso, é facer manualmente os ladrillos curvos para formar a estrutura do molde interior de cada campá, tamén chamado macho, que é de catro tipos: os de planta,



Moldes interiores ou machos dispostos debaixo da viga de ferro,
na que se suxeitaron os eixes e os patróns

os de sobreplanta, os de erguer e os de cerrar. Mentres secan estes, trazan nunhas táboas que se asemellan a unha lámina os modelos das campás, o patrón para facer o perfil interior e exterior de cada unha.

A peza clave para facelas é unha pequena barra de buxo, de oito caras, da forma dun tronco de pirámide, duns 18 cm de alto. Ten en toda a súa altura uns raiados toscos e uns mestos número romanos que representan a arroba galega (unidade de peso de 11'5 kg).

Outras pezas claves para facer os patróns son as "brochetas", unhas pequenas barras de madeira corrente de distintos tamaños segundo sexa o peso das campás que se pretendan fundir. Nuns anacos teñen catro caras formando ángulos rectos entre elas e noutros teñen tres, dúas formando ángulo recto e a outra en oblicuo con respecto a estas.

A "brocheta" é un complemento do escantillón pois este ata se pode considerar "a pedra angular" de todo o proceso porque a partir del, por uns procedementos empíricos, se consegue o modelo para trazar liñas e formas e fixar pesos e dimensións.

Ó ter feitos os patróns e ó estaren os ladrillos secos, comézase a facer o molde interior das campás, tamén chamado macho. Faise ó redor dun eixe vertical fixo, un rolo de madeira; o seu cabo inferior fínase directamente no solo de terra do obradoiro cunha maza e o cabo superior suxeitase a unha viga tubular de aceiro, de alma oca, disposta horizontalmente.

Ó estar o eixe fixado, ó redor del e sobre o chan de terra colócanse unhas pequenas lastras para asentar sobre elas a primeira fileira de ladrillos do macho e así continuar facendo a súa estrutura. Convén sinalar que as lastras quedan separadas entre elas, para que polos espazos libres entre aire, para darlle tiro ás fogueiras que se vaian facer dentro do molde, para o seu secado. Logo suxeitase a parte superior do patrón a unha bisagra ancorada na viga horizontal de ferro para ir torneando o macho, xa que á súa estrutura formada polos ladrillos se vai cubrindo con barro e hai que ir torneándoo.

Unha tarefa delicada de oleiro, que, no canto de xirar a peza de barro sobre o artesán, xira este sobre a peza fixa, agarrando o patrón coas mans e desprazándoo ó redor dela para torneala.

Ó macho déixanselle un ou dous buracos, dependendo do seu tamaño, na súa parte superior para meterlle leña dentro e logo prenderlle lume para o seu secado, senón ós moldes levaríalles moito tempo secar de seu. O macho queda rematado despois de o ir aproximando con barro cada vez máis fino ata que quede liso coma un cristal. A isto chámasele "estar o macho afinado".



Combustión dentro do molde para o seu secado



O patrón diante do molde interior ou macho na trincheira de diante do crisol

A seguinte tarefa consiste en trazar no patrón o perfil dun novo molde, chamado camisa ou falsa campá porque vai ser coma a campá rematada. Vai superposta sobre o macho e para que non se pegue nel aplicaselle a este unha capa de cinza cocida. A camisa faise dun golpe, nun día, aplicando capas de barro e torneándolas co patrón ó día seguinte. Cando estea rematada aplicaselle un baño de cera, xa que nesta é onde logo se van facer todas as inscricións e elementos decorativos.

As campás da fundición Ocampo levan os seguintes elementos decorativos:

- Puntillas na súa parte superior.
- Bincos perimetrais distribuídos en toda a súa altura, a súa cantidade depende do tamaño da campá.
- Unha cruz grande, formada por estrelas de cinco puntas no seu anverso.
- As inscricións cumpren unha dobre función: a documental e a decorativa.

Como inscricións levan:

- JHS - MARÍA Y JOSÉ.

na súa parte superior.

- Cuño da casa, ano de fundición e algunha inscrición da persoa que a encargue ou que a custee, na parte inferior.

Despois de realizar todas as inscricións e poñer os elementos decorativos, a seguinte tarefa é a de facer o terceiro molde ou capa, que vai superposta sobre a camisa ou falsa campá. Comézase aplicando sobre esta, cun pincel, baños de barro fino; dáselle unha man cada día durante catro días co obxecto de que todas as inscricións e figuras queden ben gravadas. Logo recórtase o patrón de dous en dous centímetros, en todo o seu perfil, para logo tornear as capas de dous centímetros de barro, que se vaian aplicando sobre o molde. Estas capas refórzanse con arame fino para darlle consistencia e con cáñamo para que o molde non fenda.

Por cada capa de dous centímetros de barro que se aplique hai que prenderlle lume dentro ó molde. Estes levan na súa parte superior un bebedeiro para que entre o metal fundido e un respiradeiro para que saian os gases de dentro do molde cando este se estea enchendo.

A campá, dende o seu extremo superior ata a súa aresta inferior, ten sete espesores distintos.



Molde interior co patrón ó lado na trinchera de diante do crisol



O mestre Enrique controlando a fundición do metal e o lume sobre as canles



O mestre dando as instrucións previas a golpear o tapón do crisol, para saír o metal fundido

Os moldes das asas fanse por separado dos das campás e cando estean rematados próbanse nestes, pero non se colocan definitivamente ata que estean asentados diante do crisol.

Despois de estar os moldes rematados e secos o seguinte paso é desencaixalos, separar o 3º (capa) do 2º (camisa) e este do 1º (macho).

A camisa, ou falsa campá, rómpese pois xa non vai facer falta. Logo xúntase a capa co macho, quedando entre os dous o espazo que se vai encher co metal fundido (bronze).

Para diante do crisol lévanse á man entre varias persoas. A súa parte superior ten que quedar máis baixa cá rasante do piso deste para que logo o metal fundido os encha sen problemas, por gravidade. Isto sábeo calcular moi ben o fundidor.

Despois de estar os moldes asentados definitivamente, cóbrense ó seu redor con sucesivas capas de terra, duns 15 ou 20 cm de espesor, rasanteadas e compactadas, unha a unha, cos pés e cuns sinxelos atacadores de pau, para que logo non rebenten os moldes cando lle entre o metal fundido e tamén para darlle temple a este.

A asa interior da campá (*hambrilla*, na xerga dos campaneiros, que vén de *hembrilla*), onde se engancha o badalo e mailos moldes das asas,

colócaselles antes de chegar á rasante final. Convén sinalar que a asa interior ou *hambrilla* e mailo badalo coa súa vara e argola non son de fundición.

Logo, sobre a rasante final faise unha canle principal para que saia o metal do crisol e outras perpendiculares a esta para levar o metal a cadanseu molde.

O fondo das canles faise con anacos de tella do país e barro, e os laterais cunhas pezas de pedra, resistentes ó lume, coas seguintes medidas: 30 ou 40 cm de longo, 20 cm de ancho e 20 cm de tizón, aproximadamente. As xuntas revócanse con barro. Os bebedoiros dos moldes tápanse cuns anacos de tella do país e cinza por enriba.

Unha semana antes do día da fundición desfáise a parte superior do crisol porque vai facer de porta e logo límpanselle os restos do metal da fundición anterior, dásele un baño de cinza cocida, préndeselle lume dentro para que seque esta, colócaselle o tapón no buraco por onde vai saír o metal fundido e rebózase ó redor con cinza cocida. Este ten a forma dun tronco de pirámide de catro caras. Colócase co seu extremo aguzado cara a fóra para que o metal, cando se vaia fundindo, o empurre pechando o buraco hermeticamente. Deste xeito non hai perigo de que haxa perdas de metal durante a fundición.

O día anterior á fundición hai que pesar o metal que se vai fundir. En cada fundición empregan 2000 kg de metal aproximadamente. Pódeos levar unha soa campá, dúas ou tres grandes pero o normal é que o leven cinco ou seis de tamaño máis corrente (200 ou 300 kg).

Hai que ter en conta as minguas do metal polo que as canles deben quedar ateigadas para que os moldes estean ben cheos e sen poros no material das campás.

Pésase entón o metal das campás vellas para refundir, se as hai e se o seu material é idóneo, o metal mercado, limpo e sen impurezas, e mailo metal que quedou nas canles e no crisol da fundición anterior. Tamén hai que engadirlle os quilogramos destas. As campás vellas, antes de pesalas, rómpense en anacos pequenos cunha maza.

O metal empregado é o cobre nun 75% e o estaño nun 25 %, aproximadamente. Outros detalles da composición gárdalos celosamente o fundidor e a ninguén lle ten que estrañar que así sexa.

Ó estar pesado o metal colócase no crisol e refaise a súa parte superior, isto fano os propios campaneiros. Logo compróbase que quede todo preparado para o día seguinte. A leña ten que quedar colocada na le-

ñeira para poder collela con facilidade o día da fundición. Este día un mestre atende o lume no forno. A combustión é a base de rachóns de piñeiro. O outro mestre atende o crisol, controlando a fundición do metal. Faino polos dous miradoiros laterais que ten e que están tapados con cadansúa peza de cerámica. Estas teñen no medio un buraco para poder meterlle o extremo aguzado dun varal co obxecto de afastalas e así poder vixiar a fundición do metal e logo volver colocalas no seu sitio.

Tamén se fai lume nas canles para facerlle cama quente ó metal cando saia para os moldes. Se estivesen frías rexeitaríano e poñeríase sólido antes de chegar ós moldes.

Cando o mestre fundidor considere que o metal está a punto límpase as canles e sácanse as tapas ós bebedeiros dos moldes. Logo, o mestre que atendeu o forno e outras persoas que axudan na fundición póñense polas dúas marxes da canle principal, collendo en cadansúa man unha vara que ten un extremo aguzado, co cal tapan o bebedeiro do molde (cada persoa tapa os de dúas campás) para que cando o metal saia encha as canles e se deteña uns segundos nelas co obxecto de que as impurezas, como poden ser as escouras, aboien e non entren no molde. O metal limpo vai sempre por debaixo.



O mestre golpea co varal o tapón do crisol e comeza a saír o metal fundido



Alzando as varas para que entre o metal fundido nos moldes

Entón o mestre fundidor colócase fronte ó crisol, onde remata a canle principal, cun varal longo nas mans (duns 5 m) e "con aplomo" e unha cara que transmite seriedade, reza en voz alta un nosopai, unha ave maría e un gloria ás almiñas do purgatorio e unha salve á virxe do Carme. Os demais asistentes, se queren, acompañan o rezo.

Deseguido golpea fortemente, co extremo do varal, o tapón do crisol e sae o metal enchendo as canles, álzanse as varas dos bebedoiros e entran logo o metal nos moldes e saen os gases con moita forza polos respiradoiros.


Cando unha persoa presencia todo o que acontece no obradoiro dos campaneiros o día da fundición sente coma se dentro dela se estivesen a fundir a maxia e o misterio coa realidade.

A fundición das campás é todo un acontecemento, pode asistir quen queira. Normalmente, acoden persoas da parroquia de Arcos da Condesa, dos arredores e dos lugares de onde as encargan. Ás veces tamén cregos e profesionais dos medios de comunicación.

As campás déixanse enterradas dentro dos moldes, dous ou tres días, para un bo curado do metal. Logo, desentérranse, límpanse ben, púlense e cólganse para pesalas e probalas.

Outros elementos complementarios das campás son: o eixe ou varón, o madeiro, a hembrilla, a vara co badalo e a asa para colgalo, que tamén os fan os campaneiros. O badalo ten que ser de ferro doce para non danar o bronce da campá.

Tamén son os campaneiros os que as descolgan dos campanarios para refundir, os que as transportan, os que as colgan de novo e os que lles fan os arranxos.



Fundición de campás de Orazo (A Estrada)



parroquia de Orazo (San Pedro) atópase nas terras altas do concello da Estrada, polo nordés, limitando xa coas do concello de Silleda.

Ten esta parroquia unha boa igrexa parroquial, con bastantes elementos románicos e unha fermosa torre campanario, de dous corpos, da que colgan tres campás en funcionamento. Cada unha delas de cadansúa fundición galega. Disto logo iremos dando conta.

Nesta parroquia houbo dúas fundicións de campás: a do mestre Hontañón e maila dos Liste.

A primeira delas pódese considerar case circunstancial e comezou a traballar cando o seu mestre (Hontañón), establecido en Santiago, chegou aquí co propósito de levar a cabo os encargos de campás para as zonas próximas a Orazo.

No ano 1848 fundira en Santiago de Compostela unha campá para a igrexa parroquial de Orazo, que nos nosos días aínda funciona. Nela pódese ollar con toda a claridade:

JHS. MARÍA Y JOSÉ
AÑO 1848
HONTAÑÓN HE HIZO EN ST.

Era santanderino, máis adiante atoparémonos tamén con este dato cando nos ocupemos doutras fundicións galegas.



Fundición de campás en Arcos da Condesa

Fundición de Campás Ocampo

Atópase no lugar de Badoucos, parroquia de Arcos da Condesa (Santa Mariña), no concello de Caldas de Reis, na provincia de Pontevedra.

Ó ocuparnos desta fundición estamos a facelo, con toda a seguridade, dunha das industrias do metal máis antigas da comunidade galega e de todo o estado español e, ademais, ligada sempre á mesma familia.

Segundo manifesta esta, comezou a traballar en Arcos da Condesa no ano 1630 cando un dos seus antepasados chegou coa súa familia procedente do norte de España, posiblemente de Biscaia. Instalou a súa vivenda e obradoiro estable na paraxe chamada Souto da Saniña, pertencente ó lugar do Ameal.

Tamén declaran que as primeiras xeracións de mestres desta fundición levaban de primeiro o apelido Blanco. O primeiro mestre que podemos mencionar, tendo en conta documentos oficiais, é Juan Gerónimo Blanco que figura no seu testamento e nun codicilo que el outorgou, correspondentes a protocolos notariais de don Ramón Amor de Castro. O primeiro ten data do día 14 de outubro de 1824 e o segundo do 25 de marzo de 1825, dos que o autor garda fotocopia e transcripción certificada por técnicos competentes nos que se demostra o seguinte:

1º. Que levaba o apelido Blanco como manifesta a súa familia. Con isto tamén se pode demostrar a posibilidade de que estes campaneiros fosen parentes dos da fundición de Monforte de Lemos. Lembremos que todos estes tiveron de primeiro apelido Blanco; que procedían tamén do



As tres campás máis grandes da catedral de Santa María la Real de la Almudena de Madrid, recién fundidas diante do obradoiro da fundición Ocampo

norte de España; que as campás das dúas fundicións teñen as mesmas características e que as dúas familias manifestaron sempre a existencia deste parentesco.

2º. Que tiña a súa vivenda e o seu obradoiro estable na Saniña.

3º. Que a súa dona se chamaba María Paz y Moure e que os fillos deste matrimonio eran Juan Manuel, Josefa, Antonio, Margarita e Felipe Blanco Paz.

4º. Que nas datas referidas (1824-1825) esta familia xa levaba moito tempo aquí. Lembremos que Juan Gerónimo outorgou o final da súa vida, cando xa tiña fillos maiores e casados.

Tamén nestes documentos figura que a familia tiña moitas pertenzas e propiedades importantes no só en Arcos da Condesa senón na parroquia inmediata de Portas, na vila de Pontevedra e en Gomariz, no concello de Leiro (Ourense). Estas últimas adquiridas durante o matrimonio de Juan Gerónimo e María Paz y Moure, de onde ela era natural.

Outro dato importante é que daquela xa tiñan unha boa clientela para mercarles campás. Entón, facendo unha reflexión, naqueles tempos unha familia de artesáns chegada de fóra non conseguía todo o que se dixo en poucos anos, nin en unha nin en dúas xeracións. Polo que é posible que se estableceran en Arcos da Condesa dende 1630, como manifesta a familia.

Para que non quede dúbida sobre todo o que se afirma, deseguido imos reproducir uns parágrafos transcritos dos documentos xa mencionados do testamento:

DO TESTAMENTO

".../..." 1º parágrafo en castelán

".../..." 2º parágrafo en castelán

".../..." 3º parágrafo en castelán

".../..." 4º parágrafo en castelán

DO CODICILO

".../..." 1º parágrafo en castelán

Outros documentos moi importantes na historia desta fundición son: o convenio entre os irmáns Juan Manuel, Felipe e Antonio Blanco Paz (fillos de Juan Gerónimo); o testamento da viúva deste e nai daqueles, María Paz y Moure, pertencentes tamén a protocolos notariais de don Ramón Amor



Campá fundida no ano 1674



Casa obradoiro da Saniña (primeiro obradoiro da fundición Ocampo, daquela Blanco)

de Castro, e convenio con data do 24-VIII-1829, dos que o autor tamén ten fotocopia e transcripción certificada.

No convenio Juan Manuel sepárase da obra de fundición de dúas campás, unha para a parroquia de Dodro e outra para Santo Tomé de Quireza, que xunto cos seus irmáns Felipe e Antonio tiña contratadas, quedando logo estes como responsables de levar a cabo este contrato. Neste documento queda claro tamén que ó mestre Juan Gerónimo sucedérono na fundición os seus fillos, Juan Manuel, Felipe e Antonio Blanco Paz, sendo Felipe o que levaba a dirección.

Imos tamén reproducir un anaco da transcripción do texto orixinal deste convenio:

“.../...” parágrafo en castelán

No testamento de María Paz y Moure, viúva de Juan Gerónimo Blanco, son moi importantes tres datos:

O primeiro é que é a viúva de Juan Gerónimo; o segundo é que nomea testamenteiros o seu fillo, Juan Manuel, e o seu xenro, Buenaventura Ocampo, home da súa filla Margarita. Deste matrimonio viría o relevo xeracional na fundición e mailo cambio de apelido, Ocampo por Blanco (disto ocupáronos logo); o terceiro é que reconece os seus cinco fillos: Juan Manuel, Antonio, Felipe, Margarita e Josefa.

“Testamento de Don Juan Gerónimo Blanco

En la casa de Vista Real, feligresía de San Martín de Agudelo, a veinte y dos días del mes de febrero de mil ochocientos veinte y siete, ante mí escribano y testigos parecieron presentes don Juan Manuel, don Felipe y don Antonio Blanco, todos tres hermanos y vecinos, éste de San Pedro de Lantano y aquellos de Santa Marina de Arcos de Condesa y todos conformes digeron: que así en unión y compañía acaban de juntar de pocos días a esta parte, la construcción o fundición de dos campanas, la una para la parroquia de Pedro, de veinte y una arrobas y la otra para Santo Tomé de Quireza de quince a diez y seis arrovas, sobre cuyo contrato otorgaron los que dicen las correspondientes escrituras de obligación mutua con los respectivos vecinos de dichas parroquias, entrando el cura párroco de la última en el tal contrato con sus feligreses, según más bien resultaría de los tales ynstrumentos que firmaron los tres que aquí otorgan, a que se remiten; en cuya atención aviendo éstos consultado y conferenciado entre sí, en razón de ello, acordaron combenirse como desde ahora se combienen los dos hermanos segundos con el primero, en que queda de cuenta de aquellos la fundición de las dichas dos campanas, cumpliendo en un todo con las condiciones a que los tres se han obligado de mancomún, en punto a ello; de todo lo que el don Felipe y don Antonio relevarán y sacarán a paz y a salvo, libremente al don Juan Gerónimo (tachado) Manuel, quien desde ahora se separa de la espuesta obra o fundición, en un todo, dejándola al cuidado de sus dos hermanos, sin que contra ellos pueda reclamar en tiempo alguno poca ni mucha utilidad o ynterés que de ello les resulte, contentándose y dándose enteramente por satisfecho en razón del lucro que le pudiese reportar, con la cantidad de ochocientos reales vellón, trescientos de ellos pagos ahora de presente, de que les otorga recibo y carta de pago al don Felipe y don Antonio, quienes se obligan con sus personas y bienes que satisfarán a aquel dentro de el término de un mes contado desde esta fecha, los quinientos un restantes que faltan al completo de los ochocientos; a que siendo omisos consienten ser compelidos y apremiados por todo rigor de justicia, vía sumaria y ejecutiva, con total satisfacción de costas, daños y perjuicios quen (sic) le sigan al don Juan Manuel, tanto para la cobranza yndicada, porque se separa de dicha obra, como también si se le siguiese algún perjuicio o responsabilidad por falta de cumplimiento de aquella o defecto en su fundición o metales. Y para que respectivamente les hagan cumplir y aver por firme lo aquí escriturado, como si fuera sentencia definitiva contra ellos dada por juez competente, pronumpciada, consentida, no apelada y pasada en autoridad de cosa juzgada, se someten a las justicias de Su Magestad, fuero y domicilio, con poder bastante renunciando todas las leyes de su favor y la Xeneral que las prohíbe en forma. Así lo otorgaron y firman siendo testigos Manuel Fontán, Ramón Montero y Juan Canay, todos de esta vecindad, con mí escribano que de ello, conocimiento de éstos y las partes doy fee= Enmendado = e = valga y no lo testado = Gerónimo.

Juan Manuel Blanco (rúbrica)
Felipe Blanco (rúbrica)
Antonio Blanco (rúbrica)
Ante mí, Ramón Amor de Castro (rúbrica)

Transcripción realizada polo Arquivo Histórico Provincial
Fondo: Protocolos Notariales

Testamento do mestre Juan Ramón Ocampo Blanco e a súa dona
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
Fondo: Protocolos Notariais

Se tiene consideracion a la menor edad de las es-
posas hijas y sus sobreros de lo prescrito en las leyes
promulgadas ultimamente, deje el testador a su memoria
de esposa testora y tutora de los hijos de ambos que lo
requieran debiese expresa y absolutamente de afianzar los
resultados del encargo consignandolos a fin de por presion, y re-
gular el cumplimiento del mismo de la autoridad, judicial
competente sin proceder otra formalidad, que la de in-
scripcion de copia de este testamento y la presion anterior y

2 U. I. Zavalishin

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
Fondo: Protocolos Notariais

Nil deinceps de

para de la fiel dispensa.

Proveniendo ambos testadores supra y terminantemente la intervención judicial y de legitimación otra sujeción del en el presente momento de sus herencias por que ninguna razón hay que la oponga, y facultan ampliamente a la albacea que mas adelante nombra-
ran para ejecutar extrajudicialmente aquellas opera-
ciones y las demás conminaciones de liquidación con-
ta prestación y adjudicación de sus herencias en abor-
ro de gastos superfluos.

Legaron mutuamente los testadores a la
remanece del quinto de sus bienes de toda clase sin
excepción de ningún género en sufructo vitalicio total-
mente con facultad expresa al sobreviviente de poder
designar los bienes que le convenga recibir en satisfacción
en de sus legados y provisiones a sus hijos de formar la
menor opinión al libre uso de una prerrogativa que
le hubiere alguno que lo instituya, lo otorga por una
solo hecho del tercio de sus bienes o sea de los del tercio
de primos que fallere, adjudicando la misma por-
ción entera por vía de mejora a iguales porciones y
en necesidad de mas declaración alguna a los otros
hijos que nacieran y recien una disposición.

En aborreo de los testadores con su propia de bus-
tor intencional y superior que dejó cuando hicieron su adju-
dicación por iguales porciones de valor y en concepto
de mejora a sus cuatro hijos Juana, Juana, Francisca
y Dolores Ocampo y Valeriano.

Ellos mismos de sus bienes derechos y acciones nombra-
ron e instituyeron la los testadores herederos universales y
sus relacionados hijos Manuel, Melchor, Francisco

José, María, Juana Francisca y Dolores Ocampo y Valeriano
a iguales porciones arreglado a Dicha.

Se nombra mutuamente como herederos testamentarios y
de los testadores sobrevivientes a los hijos de ambos que a la sazón
están en la casa materna y sean mayores de edad, recibiendo ca-
da uno en su caso de igual parte y las mas amplias facultades
para cumplir los deberes del cargo y disponer en venta
pública o privadamente de lo mas bien parado de los bienes
suplementos en cuenta sea propio o hereditario o en cualquier
otro modo para todo ello el uno del albacea.

El sobreviviente delerán miles de cualquier valor de los
disposiciones de cualquier manera que opaneran bienes
ordenando que solo sea a cumplir y ejecutar como única repre-
sentación de la última voluntad de lo de los testadores.

Así lo testaron y firmaron el Juan Ramon Ocampo
haciendo a cargo de su legada por decir no sabe uno de
los testadores sobrevivientes que cuentan sea mayores de edad
los D. José Antonio Silva y Francisca, D. Nicolás Fray-
re y Parera y Juan Ocampo y Melchor Ocampo de una por-
ción a quienes y a las partes he sido interviniente en
el testamento en un solo acto por habido así voluntad y re-
misiendo al derecho que le sobreviente tienen de hacerlo por
si hubieran ratificado en su contenido.

De todo ello, como consta general, de que no me consta
se contrae a lo que deben manifestarse respecto de su apti-
tud, luciditas y persona suelto y de que sea materia de heren-
cia en ninguna ni sucesión alguna, yo el Notario soy fe-

Juan Ramon Ocampo
Juan Ocampo
Francisco Ocampo
Melchor Ocampo
Dolores Ocampo
Valeriano Ocampo



Como campaneiro tivo moita actividade, fundiu abundantes campás e de moi boa calidade, algunhas de moito peso. Entre elas podemos nomear:

- A pequena da igrexa parroquial de San Pedro de Lantaño, no concello de Portas (Pontevedra), fundida no ano 1888.
- A pequena da igrexa parroquial de Santa María de Perdecanaí, no concello de Barro (Pontevedra), fundida en 1998.
- A grande da igrexa parroquial de Santa María de Paradela, no concello de Meis (Pontevedra), fundida en 1900 e refundida na mesma fundición Ocampo no 2006.
- A pequena da igrexa parroquial de Santa María de Caldas, no concello de Caldas de Reis, fundida no ano 1908.
- As tres da igrexa parroquial de San Xulián de Bastavales, no concello de Brión (A Coruña); a grande fundida en 1902, a mediana en 1898 e a pequena fundida en 1903. Estas tres están colgadas no primeiro corpo da torre campanario (ten tres corpos). No segundo corpo, colgada dentro, hai outra máis que é a do reloxo. Trátase dunha campá grande pero non se pode chegar a ela con facilidade. Segundo nos manifestou Ramón, o campaneiro, fundiuna tamén Melchor Ocampo en 1898.
- A grande da igrexa parroquial de San Tomé de Sorribas, fundida en 1903.


Todas as súas campás levan gravado:

JHS MARÍA Y JOSÉ
MELCHOR OCAMPO ME HIZO EN
ARCOS DE LA CONDESA

"Ano de fundición"

Faleceu o 12 de maio de 1913 ós 66 anos de idade. Aprenderon con el a súa arte os seus fillos Juan e José, este abandonouna cando casou para o lugar de San Martiño, na mesma parroquia de Arcos da Condesa. Así e todo, despois de casar, algunhas veces íalle axudar ó seu irmán Juan. Tamén foi en moitas ocasións co cabalo mercar estaño a Doade, vila moi coñecida pola súa feira (o día nove de cada mes), pertencente á parroquia de San Salvador de Xirazga, no concello de Beariz, na provincia de Ourense.

Esta é unha zona rica en xacementos de estaño, lembremos as minas das ladeiras do monte Marcofán, nos lugares de Muradás e Magros, na parroquia de Beariz, e as da Portela da Cruz, na parroquia de Xirazga.



Portada da partición extraxudicial dos bens do mestre Juan Ramón Ocampo Blanco e a súa dona, Carmen Balinas Monteagudo

Anterior 16.763

to en medio, sus caminos de servidumbre que
le separa de Manuel Maguiera; Este cam-
ino publico y Certe labrador de Manuel Maguiera
Su valor doscientas ementa pesetas de las cua-
les rebajando su mitad, que habra de entregar
a la herencia quedan para darle en mejora cien-
to cincuenta pesetas. 125 "

Semoviente

126+ " Uno de los buques de la junta de fero
que quedo al fallecimiento de la causante, esti-
mado en doscientas ementa pesetas. 250 "

Alfeno

127+ " Un carro nuevo de labranza estimo-
do en cien pesetas. 100 "

Finca que ha de llevar Francisco

128+ " La casa obrador de planta baja numero
11 del lugar del Ameal que mide cuarenta y cua-
tro varas castellanas de largo por veintinueve
de ancho exteriormente, y con inclusion de cubi-
erzas y tierra de cabida a sea, hostalera, fru-
tal y unida de un horno de madera nuevo de
dos claros, ocupa en punto ocho varas y tercia,
confinando Norte y Oeste camino publico que se
hacia la casa y huerto legatados a Jose, sus here-
ditos de Manuel - Otero y Este los mismos. Su va-
lor con inclusion de dicho horno, se de trescientas
ochenta pesetas de las cuales deduciendo la mi-
tad que habra de entregar a la herencia, que

17.438.00

Anterior 15.713

quedan para conseguir la mejora las
quinientas pesetas restantes. 500 "

124+ " El huerto que esta por el Oeste de
dicha casa, camino en medio, deducido de
vinedo, frutales, era de majar y fundo de
un horno de madera de dos claros, y de un
cobertizo y lagar, que en el se hallan, y que
ocupa todo ello una extension de tres ferra-
dos, enados sobre si, confinante por el Norte
con casa de Andres Samartin y camino publi-
co, Sur y Este dicho camino y Oeste mas te-
rreno de esta herencia, y Andres Samartin
considera con el nombre de "Era de foton". Su va-
lor con inclusion de dichos cobertizo, lagar y
horno es de mil quinientas pesetas de las
cuales deduciendo su mitad que tambien ha-
bra de entregar a la herencia, quedan para
dar aplicarle en mejora setecientas ementa pesetas. 750 "

125+ " La casa obrador de planta baja en
el lugar del Ameal y punto lla-
mado "Coto de Saniña" que mide ementa
trece y dos varas castellanas de largo por
veinte y nueve de ancho exteriormente, y
con inclusion del corral cubierto de paja
unido por su entrada al Este y del terreno
a muchos arboles por los demas ventos, ocupa
en punto un solar de tres varas y dos ter-
cias, confinante por el Norte dobles feros, que

16.763



Actual obradoiro da fundición Ocampo feito no ano 1886 por Melchor Ocampo Baliñas

Tamén a xa desaparecida mina de estaño que houbo no concello de Forcarei, nas parroquias de San Miguel e Santa Mariña de Presqueiras, esta inmediata a Xirazga.

Despois do abandono de José Juan seguiu só á fronte da fundición. Este casou dúas veces, do seu primeiro matrimonio quedou viúvo ó pouco tempo e non tivo descendencia. Logo casou con Josefa del Río Baliñas (1888-1967), coa que tivo catorce fillos, dos cales tres xa non os chegaron a inscribir no rexistro civil porque morreron ó nacer; os outros once foron: Manuel, Francisca, José, Dolores, Celso, Laureano, Encarnación, Basilio, Julio, Juan e Arturo Ocampo del Río.

Juan e Josefa ó comezo viviron na casa de Melchor, na que naceron os catro fillos maiores; logo trasladáronse á "casa da fonte", anexa ó obradoiro polo leste, e nesta naceron os demais fillos. Por isto os campaneiros tamén son coñecidos en Arcos da Condesa por "os da casa da fonte", a carón da fonte pública de Badoucos. Máis adiante esta casa fíxoselles pequena e trasladáronse para a segunda casa, que construíu Melchor e non a chegou a rematar, tamén preto do obradoiro.

Juan segue a traballar no mesmo obradoiro do seu pai. O comezo a súa vida estivo chea de problemas, lembremos que quedou viúvo unha vez; logo do seu segundo matrimonio tivo que sacar adiante moitos fillos en tempos moi difíciles; cambiou dúas veces de casa coa súa familia; tocoulle vivir de cheo as consecuencias de guerra civil (1936-1939), na que

perdeu o seu fillo Celso. Co estoupido desta perdeu un contrato moi bo xa que chegara, no ano 1935, a un acordo co cabido compostelán para fundir unha campá de 8.000 kg "A Berenguela", para a catedral de Santiago.

Como dese tamaño no seu obradoiro non a podían fundir, proxectaran facer un forno e un crisol ocasionais na praza do Hospital pero co comezo da guerra o proxecto non se puido levar a cabo.

Moitas das campás que el fundiu non levan gravada a súa autoría, sábese que son del polas características da fundición e pola data. Nas que figura a súa autoría levan gravado:

JUAN OCAMPO FUNDICIÓN DE CAMPANAS Y METALES FINOS CALDAS DE REYES

Fundiu algunhas campás de moito peso:

- A campá grande da igrexa de San Pedro de Lantaño, no concello de Portas (Pontevedra), fundida en 1927.
- A campá grande da igrexa parroquial de Santa María de Portas, no concello homónimo, en 1928.

Outras campás que fundiu:

- As dúas campás da igrexa parroquial de Santo Tomé de Piñeiro, no concello de Marín (Pontevedra), en 1923.
- A campá grande da igrexa parroquial de San Mamede de Portela, no concello de Barro (Pontevedra), en 1929.
- A campá mediana da igrexa parroquial de Santa María de Portas (Pontevedra).
- A campá grande da igrexa parroquial de Santa Xusta de Moraña, no concello homónimo, en 1935.
- A campá grande da igrexa parroquial de Santo Tomé de Sorribas, no concello de Rois (A Coruña), en 1951.

Ó home comezoulle a ir mellor na vida cando puido contar coa axuda dos seus seis fillos:

Manuel, José (Pepe), Laureano, Basilio, Julio e Arturo. Basilio e Arturo deixaron de traballar na fundición cando casaron e se independizaron.

Juan faleceu o 24 de xullo de 1954, ós 74 anos de idade, nacera en 1880. O seu irmán José, "Sr. José o campaneiro", faleceu o 19 de setem-

bro de 1972, ós 86 anos de idade. A perda deste bo e sabio home foi moi sentida en Arcos da Condesa.

A Juan sucedérono á fronte da fundición os seus catro fillos: Manuel, José (Pepe), Laureano e Julio, desenvolvendo a súa actividade no mesmo obradoiro do seu pai e do seu avó. Viviron sempre na casa dos seus pais, Manuel e José non casaron.

Non só traballaron moito como campaneiros, tamén tiveron moita actividade como labregos e ata chegaron a ter seis alambiques para destilar augardente en Arcos da Condesa, Caldas de Reis, Carracedo, Santo André e San Clemente de César, Rubiáns, Cea, Vilagarcía, Valga e Pontecesures, sendo Pepe o que levaba a dirección deles.

A grande actividade do obradoiro foi en parte froito do traballo que fixo Manuel xa que percorreu toda a terra galega para conseguir clientes para as súas campás. Ós lugares de cerca ía no cabalo e ós máis afastados no tren ou no autobús. Viaxou moito nos coches mixtos, os que levaban persoas, gando e mercadorías. Viñan dende Vigo e Arcade ás feiras do norte e interior de Galicia. Unha delas, á que ía sempre, era a de Santa Comba, alí dirixíanse a el os cregos das comarcas próximas cando querían fundir ou refundir algunha campá. Ás veces xa a traía no coche da feira cando era para refundir.

Nas súas viaxes de negocios acontecéronlle cousas moi curiosas. Nunha ocasión, alá pola década dos 60 do século XX, baixando do coche da feira, no lugar do mesón, na recta de Caldas, caéronlle do peto do pantalón 40.000 ptas. E non se decatou da súa falta ata chegar á súa casa, entón deu a volta e aínda as atopou.

Noutra ocasión, a patroa da pousada onde se aloxaba preguntoulle:

– “A vostede gústanlle os pichóns para cear?”

El contestoulle:

– “E logo, como non me han de gustar!”

Pensaba que os pichóns eran as crías da pomba común pero resultaron ser bolos da pota (fariña milla amasada con auga do caldo, dáselle a feitura dun limón e cócese na auga do caldo).

Manuel levaba moi ben a dirección comercial e logo no obradoiro el mesmo e mailos seus irmáns, Pepe, Julio e Laureano, dirixidos tecnicamente por este, tiñan que facer todas as tarefas necesarias para fundir campás de moi boa calidade, como sempre se fixo nesta fundición.



9.778.535 *

Don Julio Legerén Campos, Juez municipal de Caldas de Reyes,

Certifico. Que al número 168, del Tomo 36, de la Sección Primera digo de defunciones del Registro civil de mi cargo consta extendida con fecha doce de Mayo de mil novecientos trece, el acta de defunción de MELCHOR OCAMPO BALIÑAS, de 66 años de edad natural de Arcos de la Condesa, en este término de Caldas de Reyes, hijo legítimo de Juan y de Carmen, estado casado con Francisca Barreira, de cuyo matrimonio deja por hijos a Juan, Dolores, Sabina, José, Joaquina, Manuel, Ouidá, María, Josefina, Carmen y Francisco, cuyo deceso tuvo lugar en la ciudad de Arcos de la Condesa, el día citado 12 de Mayo de 1,913, y que otorgo testimonio el 10 de Mayo de 1,913, ante el Notario D. Perfecto M.

A que conste a instancia de parte interesada expido el presente que firmo en Caldas de Reyes a veinte y siete de Mayo de mil novecientos cuarenta y cuatro.

Julio Legerén

El Secretario supl.

Rafael...

Notario: Rafael Amor Lobos 10-V-1913

Acta de defunción do mestre Melchor Ocampo Baliñas

As campás fundidas no seus días levan gravado:

HERMANOS OCAMPO
ARCOS DE LA CONDESA

ou:

HERMANOS OCAMPO
FUNDICIÓN DE CAMPANAS Y METALES FINOS
ARCOS DE LA CONDESA

As moitas campás que fundiron atópanse espaxadas por toda a xeografía galega, todo o estado español e, incluso, superaron as nosas fronteiras.

Unha das máis grandes que fundiron foi a campá grande da igrexa parroquial de Santa María do Porto, no concello de Marín, "Templo Nuevo", de 800 kg, fundida no ano 1962.

O relevo na fundición para esta xeración de campaneiros chegou en moi bo momento, cando os catro aínda se encontraban ben de saúde e con ganas de traballar. Foi no ano 1977, cando un veciño do lugar, Enrique López García (Arcos da Condesa, 1952) casou con M.^a Josefa Ocampo Fernández, filla de Julio e de Divina Fernández Barros. Este matrimonio tivo outra filla máis, Julia.

Enrique dende o comezo aprendeu con Laureano, en todas as tarefas do obradoiro, e con Manuel, en todo o relacionado coa dirección comercial.

Os cinco xuntos e en harmonía traballaron moitos anos e foilles moi ben ata que, pouco a pouco, faleceron os catro irmáns. Primeiro José (Pepe), que faleceu o 18 de novembro de 1992, ós 77 anos; despois Manuel, o 26 de novembro de 1999, ós 86 anos; logo Laureano, o 20 de febreiro de 2001, ós 80 anos; e por último Julio, o 19 de marzo de 2006, ós 78 anos.

Non obstante, Enrique xa non quedou só á fronte da fundición, conta dende 1997 coa axuda do seu fillo José Enrique López Ocampo (Arcos da Condesa, 1978). Os dous xuntos empregan os mesmos procedementos dos seus antepasados, traballando no obradoiro que construíu Melchor en 1886. No ano 1997 cambiáronlle o teito, retiráronlle a armadura vella e puxéronlle outra nova, tamén de madeira, e a tella vella do país cambiárona por unha nova.

Esta fundición acadou os maiores pulos da súa longa historia cando fundiu catro campás da catedral de Santa María la Real de la Almudena, de Madrid.

Resumo das campás que se fixeron nesta fundición nos últimos anos, no que figuran as catro citadas anteriormente:

Ano 1989

- Mes de abril: dúas campás para o Centro Galego de Caracas (Venezuela), unha de 111 kg e outra de 85 kg.
- Mes de maio: unha campá de 500 kg para a parroquia de Santa María de Marrozos, no concello de Santiago de Compostela.
- Mes de setembro: unha campá de 500 kg para a parroquia de Santo Antón de Bañas, no concello de Vimianzo (A Coruña).
- Mes de setembro: unha campá de 1100 kg para a parroquia de Santa María de Oleiros, no concello que leva o mesmo nome (A Coruña).

Ano 1993

- Mes de agosto: unha campá de 330 kg para a parroquia de Santa María de Tourón, no concello de Ponte Caldelas (Pontevedra).

Ano 1994

- Mes de xuño: unha campá de 500 kg para a parroquia de San Martiño de Oca, no concello de Coristanco (A Coruña).

Ano 1995

- Mes de outubro: unha campá de 338 kg para a parroquia de Santa María de Dúas Igrexas, no concello de Forcarei (Pontevedra).
- Mes de santos: unha campá de 325 kg para a Delegación de Coyoacán, México DF.

Ano 1997

- Mes de abril: unha campá de 350 kg para a parroquia de Santa Baia de Dumbria, no concello de Dumbria (A Coruña).
- Mes de decembro: unha campá de 350 kg para a parroquia de San Martiño de Calvos de Socamiño, no concello de Touro (A Coruña). Unha campá de 700 kg para a parroquia de Santiago de Pontedeume, no concello de Pontedeume (A Coruña).

Ano 1998

- Mes de setembro: unha campá de 2.000 kg para a catedral de Santa María la Real de la Almudena (Madrid).
- Mes de santos: unha campá de 1.800 kg para a catedral de Santa María la Real de la Almudena (Madrid).

Ano 1999

- Mes de febreiro: unha campá de 1.500 kg para a catedral de Santa María la Real de la Almudena (Madrid).
- Mes de maio: unha campá de 1.300 kg para a catedral de Santa María la Real de la Almudena (Madrid).
- Mes de xullo: unha campá de 350 kg para a parroquia de Santiago de Pontedeume, no concello de Pontedeume (A Coruña).

Ano 2000

- Mes de maio: unha campá de 350 kg para a parroquia de San Salvador de Louredo, no concello de Mos (Pontevedra).

Ano 2001

- Mes de maio: dúas campás para o asilo dos anciáns desamparados da Coruña, unha de 250 kg e outra de 190 kg.

Ano 2002

- Mes de xaneiro: dúas campás para a parroquia de San Mamede de Piñeiro, no concello de Ames (A Coruña).
- Mes de marzo: unha campá de 2.000 kg para a parroquia de Santiago de Sobrecedo, no concello de Taboada (Lugo).
- Mes de agosto: unha campá de 350 kg para a parroquia de Santa María de Darbo, no concello de Cangas do Morrazo (Pontevedra).
- Mes de outubro: unha campá de 500 kg para o asilo dos anciáns desamparados de Vigo

Ano 2003

- Mes de marzo: unha campá de 850 kg para a parroquia de Santa Marta de Ortigueira, no concello de Ortigueira (A Coruña).

Ano 2004

- Mes de xaneiro: unha campá de 300 kg para a parroquia de San Fins de Brión, no concello de Brión (A Coruña).
- Mes de xullo: dúas campás para a parroquia de Nosa Señora do Carme de Aguiño, no concello de Ribeira (A Coruña), unha de 400 kg e outra de 300 kg.

Ano 2005

- Mes de xaneiro: unha campá de 550 kg para a parroquia de Santa Eulalia de Arealonga, en Vilagarcía de Arousa.

Ano 2006

- Mes de abril: unha campá de 500 kg para a parroquia de Santa Eulalia de Mos, no concello de Mos (Pontevedra).
- Mes de agosto: unha campá de 1.100 kg para a parroquia de Santa Marta de Ortigueira, no concello de Ortigueira (A Coruña).

Ano 2007

- Mes de xaneiro: unha campá de 400 kg para a parroquia de Santa Uxía de Ribeira (A Coruña).
- Mes de febreiro: unha campá de 350 kg para a parroquia de Santa María de Alba, no concello de Pontevedra.

Ano 2010

Das cinco campás que fundiron na primeira fundición do ano, o día 5 de febreiro, dúas foron:

- Unha para a parroquia de San Pedro de Crecente, refundiuse a vella, que era da fundición Blanco de Monforte de Lemos, do ano 1904.
- Unha campá para a parroquia de San Salvador de Fene, no concello homónimo.

Na actualidade funden campás de moitos tamaños, sendo as máis correntes as de 200 ou 300 quilogramos; as máis grandes poden chegar a pesar 2.500 kg e as máis pequenas 15 kg.

As últimas xeracións desta fundición, incluída esta, extraeron o barro para os moldes dunhas barreiras que se encontraban a carón da estrada N-550, na recta de Caldas (Arcos da Condesa). Estas foron ocupadas pola variante de Caldas de Reis (na estrada N-550), inaugurada no mes de marzo de 2009. Agora o barro mércano nunha cerámica de Vilalonga, no concello de Sanxenxo.

Resumo

Como son moitos os datos que se achegan sobre esta fundición, convén facer este resumo para que o lector se decate sen problemas do máis importante.

Esta fundición comezou a traballar en Arcos da Condesa no ano 1630, segundo manifesta a familia.

O primeiro mestre que podemos mencionar, tendo en conta documentos oficiais, é Juan Gerónimo Blanco, falecido no ano 1825 e que tivo a súa vivenda e obradoiro estable na Saniña, pertencente ó lugar do Ameal en Arcos da Condesa. Sucederono os seus fillos, Juan Manuel, Antonio e

Felipe Blanco Paz, desenvolvendo tamén a súa actividade no mesmo obradoiro do seu pai. A estes sucedeunos o seu sobriño Juan Ramón Ocampo Blanco (Arcos da Condesa, 1822-1898), que cambiou o obradoiro para outro local tamén no lugar do Ameal, polo oeste deste, o da Saniña atópase polo leste.

Con este mestre produciuse o cambio de apelido Ocampo polo de Blanco. Sucedeuno o seu fillo Melchor Ocampo Baliñas (1847-1913), que trasladou o obradoiro de novo para o lugar de Badoucos, tamén en Arcos da Condesa. Dende entón xa non houbo máis cambios de obradoiro.

A Melchor sucedeulle o seu fillo Juan Ocampo Barreira (1880-1954). A este sucedéronlle os seus fillos, Manuel, José (Pepe), Julio e Laureano



Á esquerda o mestre Enrique López García e á dereita Ricardo Ríos Mosquera cunha das catro campás da catedral de Santa María la Real de la Almudena, de Madrid, diante do obradoiro

Ocampo del Río e, a estes o xenro de Julio, Enrique López García, que é o actual mestre e que conta xa coa axuda do seu fillo, José Enrique López Ocampo.

Todos os datos e documentos achegáronllos ó autor as seguintes persoas:

- Os irmáns Basilio e Julio Ocampo del Río
- Josefa Rivas Ocampo
- Adelaida Ocampo Fontán
- Manuel Diz Ameal
- Dolores Ocampo Ocampo
- As irmáns María Dolores e Purificación Barreira Ocampo
- Francisco Rivas Fernández
- Cándida Buceta Ferreiro
- Ricardo Ríos Mosquera
- M.^a Josefa Ocampo Fernández
- Os mestres Enrique López García e o seu fillo José Enrique López Ocampo